

RÚA ext-cénica

Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do Concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música, circo, danza, teatro de rúa...

- Venres** ▶ **19.30 (1º pase) e ás 21.30 horas (2º pase):**
12 de xullo ▶ **KANBAHIOTA. "Trapecio volante"** (acrobacias aéreas)
Praza Esther Pita (Santa Cruz)
20.15 horas: PAKOLAS. "As parábolas de Pakolas"
(música infantil + narración contos)
Praza do Castelo (Santa Cruz)
- Sábado** ▶ **20.00 horas: COMPAÑÍA LA MANO JUEVES.**
13 de xullo ▶ **"Ricky, el profesor de tenis"** (circo/clown)
Praza Esther Pita (Santa Cruz)
21.00 horas: VUDÚ+LILAINA (música)
Praza do Castelo (Santa Cruz)
- Domingo** ▶ **12.30 horas: LA NÖRDIKA. "Rojo estándar"**
14 de xullo ▶ (circo/danza) Praza da Lagoa (Mera)
21.00 horas: ÁNXELA BLANCO/ "Voo"+
ENTREMANS/ "Instante gradual" +
LA MACANA/ "Ven" (danza contemporánea)
Parque José Martí (Santa Cristina)

RÚA ext-cénica

III Festival de artes escénicas na rúa

Oleiros, do 12 ao 14
de xullo de 2019



► Venres 12 de xullo

ás 19.30 h e ás 21.30 h: KANBAHIOTA / “Triple volante” (acrobacias aéreas)

Autoría e dirección: Kanbahiota Troupe. **Elenco:** Abraham Pavón, Rossina Castelli, Luis Boza e Jesus Aragonés. **Duración:** 20 minutos. **Destinatarios/as:** público familiar. **Procedencia:** Madrid.

Sinopse: Trapecio mini voante. Catro trapecistas, unha barra e estrutura de trapecio volante. Só hai que conseguir axustalo para poder conquistar o aire coas súas acrobacias, non sen algunha caída inesperada. 20 minutos de espectaculares voos en clave de humor. (Praza Esther Pita/Santa Cruz)

ás 20.15 h: PAKOLAS / “As Parábolas de Pakolas” (música infantil e contacontos)

Autoría e dirección: Paco Cerdeira (Pakolas). **Elenco:** Paco Cerdeira (Pakolas). **Duración:** 50 minutos. **Destinatarios/as:** público familiar. **Procedencia:** Galicia.

Sinopse: “As Parábolas de Pakolas” chega da man de Paco Cerdeira como espectáculo de pequeno formato no que este, “Pakolas”, interpreta en directo unha escolla dos seus temas propios para público infantil, con música xirando en torno ao rock e outros estilos que entusiasman aos cativos e cativas, e con letras sempre axeitadas para os máis pequenos. A combinación das cancións coa narración dalgunhas historias e contos que nelas se recollen, cunha mensaxe final, formarán no conxunto, unha fermosa “parábola” musical da que aprender e na que pensar. (Praza do Castelo/Santa Cruz)

► Sábado 13 de xullo

ás 20.00 h: CIA. LA MANO JUEVES/Ricki, el profesor de tenis (Circo/clown)

Autoría: Walter Velázquez e Cía. La Mano Jueves. **Dirección:** Walter Velázquez e Cía. La Mano Jueves. **Elenco:** José Luis Redondo. **Duración:** 45 minutos. **Destinatarios/as:** público familiar. **Procedencia:** Madrid.

Sinopse: Aclamado por crítica e público durante os anos oitenta, Ricky era un deportista de elite, non existía ningún torneo que se lle resistise. Pero un bo día, un desafortunado test **antidoping* remata coa súa carreira. Desde entón, Ricky nunca logra recuperar a súa popularidade e en plena crise dos corenta, lánzase para intentar demostrar que o seu talento e as súas grandes capacidades seguen intactas. Ricky agora é un profesor de tenis moi particular, que ofrece clases maxistras de tenis, utilizando o seu gran sentido do humor e diferentes técnicas de circo. (Praza Esther Pita/Santa Cruz)

ás 21.00 h: VUDÚ + LILAINA (música)

Elenco: VUDÚ é un dúo feminino que nace no ano 2016 e que está formado por Maritxinha, no baixo e loops, e Belém Tajés, no teclado e voces. Lilaina son Mariana Montero, María Montero, Alejandra Montero e Andrea Montero. **Duración:** 60 minutos. **Destinatarios/as:** público familiar. **Procedencia:** Galicia.

Sinopse: VUDÚ son letras chegadas da música tradicional galega con harmonías fundamentalmente Soul, Acid Jazz, R&B e Rock. VUDÚ acadou o *premio Martín Códax* da música galega en 2017.

Lilaina é un grupo de pandeireteiras que comezan a súa andaina no mundo tradicional a comezos dos anos 90. (Praza do Castelo/Santa Cruz)

► Domingo 14 de xullo

ás 12.30 horas: LA NÓRDIKA / “rojo estándar” (circo/danza)

Dirección: Rosa Díaz. **Creación e interpretación:** Darío Dumont e Greta García. **Duración:** 45 minutos. **Destinatarios/as:** público familiar. **Procedencia:** Andalucía.

Sinopse: Dos seres opostos atópanse nunha escena bañada polo surrealismo, onde as cores marcan o seu ritmo, e na que o amor, guiado polo circo e a danza, é peza clave durante todo o espectáculo. Unha obra totalmente circular formulada para que o espectador se sitúe a 360°, como o amor, a vida, que nos fai xirar, e a través do movemento viaxaremos polas emocións, encontros e desencontros. *Premio Feten e premio Lorca* no ano 2018 ao mellor espectáculo de rúa. (Praza da Lagoa/Mera)

ás 21.00 h: Ánxela Blanco / “Voo”+ Entremáns / “Instante gradual”+

La Macana / “Ven” (danza contemporánea)

• **Ánxela Blanco / “Voo”**

Creación e bailarina: Ánxela Blanco. **Composición musical:** Mónica de Nut.

Duración: 30 minutos. **Destinatarios:** público familiar. **Procedencia:** Galicia.

Sinopse: Voo, pon o foco na necesidade de bailar e na naturalidade do feito, mentres procura as fisuras para introducir o corpo e a contemplación nesta trepidante e virtual vida posmoderna.

“Dicía miña avoa que xa non hai tantos paxaros coma antes ou, mellor dito, que xa non se ven os paxaros bailando como bailaban. Voo é a quinta das miñas pezas. O quinto dos meus sos. A quinta vez que insisto no oficio da bailarina. Estase a construír como un lugar en que estar a salvo, en que bailar a salvo, en que salvarse bailando... Voemos.”

• **Entremáns / “Instante gradual”**

Autoría e composición musical: Iván Salgado. **Coreografía e interpretación:** Kirenía Celia Martínez Acosta. **Duración:** 15 minutos. **Destinatarios/as:** público familiar. **Procedencia:** Galicia.

(Parque José Martí en Santa Cristina)

Sinopse: Cada momento é dous momentos. Pero en que momento se converte a madeira en pedra, a turba en carbón, a pedra calcaria en mármore. A historia e a memoria comparten datos, comparten tempo e espazo. Todo estaba pechado nesa fracción histórica de segundo, o instante gradual.

• **La Macana / “Ven”**

Creación e interpretación: Alexis Fernández & Caterina Varela. **Música:** Einstürzende Neubauten. **Duración:** 15 minutos. **Destinatarios/as:** público familiar. **Procedencia:** Galicia.

Sinopse: A primeira peza de La Macana cumpre 10 anos de xira. Ao longo destes anos puido verse en numerosos festivais internacionais, tanto en espazos urbanos como en sala. VEN ten sido premiada en diferentes ocasións, co *1º Premio, Premio do Público e Premio da Crítica do XXII Certamen Coreográfico de Madrid* ou o *Premio SGAE* no Certamen de Burgos, ademais de gozar dunha importante visibilidade nos circuitos europeos despois da súa estrea no 2008 no Festival “Habana Vieja: Ciudad en Movimiento”.